

Superturonio

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA IES TERRA DE TURONIO

O Novo Equipo

Novo curso: estreamos novo equipo e algunhas actividades, ademais dunha ampliación do Instituto, da que vos falamos neste boletín.

Xa sabedes que o Equipo de Normalización non ten membros fixos. É máis, con el colaboran moi diversas persoas e cada un de vós pode aportar o seu traballo para upar a nosa lingua e conseguir a normalización do galego. Non obstante cada curso constitúese un grupo permanente formado por unha coordinadora, alumnos, profes e persoal non docente.

Presentámosvos a continuación as persoas que o forman este ano, e ás que vos podedes dirixir para calquera cousa relacionada coa nosa actividade.

Coordinadora: Begoña (profe de Mate)

Profes: Susana (de Galego), Ana (de Ciencias), Santi (de Galego), Loli (de Galego)

Alumnos: Salvador (3º D)

Persoal non docente: Laura (Conserxe)



Radio



Correlingüa



Superturonio

CONCURSOS



Revista

E moito máis...



Ola a tod@s.

Ante todo, darvos a benvida a esta sección que se inicia neste novo curso.

¿Para que creamos esta nova sección? Pois para poder informar un pouco sobre o Medio Ambiente que nos rodea, sobre a natureza na que vivimos e sobre calquera cousa que teña relación co tema e poda ser de interese para o noso alumnado e profesorado.

¿Quen crea a sección? O equipo de Normalización coa colaboración do departamento de Bioloxía-Xeoloxía do IES.

CALENDARIO MEDIOAMBIENTAL

Nesta primeira aparición decidimos mostrarvos as datas conmemorativas, acordadas por distintos organismos internacionais, que garden unha relación máis directa co Medio Ambiente.

2 de FEBREIRO: Día Mundial das Zonas Húmidas.

21 de MARZO: Día da Árbore (Día mundial forestal).

22 de MARZO: Día Mundial da Auga.

22 de ABRIL: Día Mundial da Terra.

24 de MAIO: Día Europeo das Aves.

5 de XUÑO: Día Mundial do Medio Ambiente.


16 de SETEMBRO: Día Internacional da Preservación da Capa de Ozono.

23 de SETEMBRO: Día Mundial do Mar.

4 de OUTUBRO: Día Internacional dos Animais.

23 de NOVEMBRO: Día dos Bosques Autóctonos.

29 de DECEMBRO: Día Mundial da Diversidade Biolóxica.



Dende a SUPERTURONIAMBIENTAL invitámosvos a suxerir actividades para celebrar ou recordar algunhas destas datas. Podedes colaborar, ben participando na elaboración de carteis ou ben recomendando calquera outra actividade a través da caixa de suxerencias.

'!!! Estreamos ampliacion !!!

Por fin este curso contamos coa tan desexada e repetidamente solicitada ampliación do instituto. (Ver Superturonio nº 10 de Novembro de 2002.)



Xa no ano 1998, cando o instituto aínda estaba en construción, pediuse e xustificouse a súa ampliación, e dende aquela non paramos de insistir.

Este curso xa o almacén pode ser almacén, a biblioteca é biblioteca e cada grupo conta co espazo que lle corresponde. Non foi fácil, pero estamos contentos de que sexa unha realidade.

Pero... aínda non estamos satisfeitos xa que temos varios temas sen resolver, que levamos reivindicando dende a inauguración do instituto (ano 2000), e que son competencia do concello de Gondomar. A saber:

• **¿Cala can !** (Ver Superturonio nº 3 de Marzo 2001) O canil fronte á entrada onde moran os nosos ruidosos e cheirentos veciños foi denunciado ante o Servicio de Sanidade, Consellería de Agricultura, Servicio de Protección da Saúde e Servicio de Medio Ambiente Natural por incumprir o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas. E seguen aí. Tamén se solicitou ao concello unha nova ubicación sen que ninguén ofrece solución até o momento.



• **¿Aparcadoiro ou Pista Americana?** O alcalde comprometeuse a acondicionar o estacionamento do profesorado xa no ano 2001 e todos os anos lembrámosllo e insistimos por distintos medios mentres seguimos á espera...

• **¿U-lo Tarzán?** As xestas, codesos e silvas que entran polo valado e que o concello tería que limpar anualmente, así como o mantemento da drenaxe das augas exteriores segue en total abandono ano tras ano.

• **¿Máis patio por favor!** Seguimos sen obter unha resposta sobre a situación da expropiación dos terreos anexos que a través da prensa o concello vén dando por feita desde hai polo menos dous anos. Agora, coa ampliación do edificio faise máis necesario que nunca aumentar o espazo exte-

MODIFICACIÓN DA NORMATIVA OFICIAL DO GALEGO

A Real Academia Galega (R.A.G.) aprobou por maioría a modificación da actual normativa oficial. Estamos á espera da aprobación do Parlamento para que entren en vigor os cambios. Mentres adiantámosvos algúns cambios significativos. En sucesivos números de Superturonio darémosvos máis

Antes

Despois

•Nomes das letras e dígrafos

cu (q), ch (che), ll (elle)

"Q" (que), "CH"(ce hache), "LL" (ele duplo) e "QU" (que u)

•Sinais de interrogación e exclamación

aparecen ao principio e ao final
iDime!

Só ao final: *Dime!*

•Locucións adverbiais

Escríbense separados: *a cotío, a modo, a penas, de contado...*

Aglutínanse: *acotío, amodo, apenas, decontado...*

•Grupos consonánticos

-cc-, -ct- mantéñense despois de
i, u: conducción, conflicto

Elimínase a 1ª consoante: *produto, conflito.*

•Terminacións

-ble/-bles: *amable/bles; -cio/-cia: diferencia, espacio; -ería: librería -u: tribu, ímpetu, -o: bacallao, pao, chapeo*

Admítense -bel/-beis: *amábel/amábeis; -aría librería; -zo, -za: diferencia, espazo; -u: bacallau, pau, chapeu; -o: tribo e ímpeto.*

•Artigo

ó sobre ao; existe 2ª forma de artigo

Escóllese **ao**. Emínase a **2ª forma do artigo** agás con U (*u-lo*) e por (*polo*)

•Demostrativos

coexisten *esto, eso, aquilo* con *isto...*

Só *isto, iso, aquilo.*

•Adverbios

Non se admite *aquén de, alén de*

Admítense **aquén e alén**. Aglutínanse: *acotío, amodo, apenas, decontado, de-cotío, deseguido, devagar, enseguida, talvez.*